

A PERSISTENTE MARXINACIÓN DE GALIZA E A TAREFA ECONÓMICA DE VALENTÍN PAZ-ANDRADE

Xavier Vence
Catedrático de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Realízase unha análise das ideas económicas centrais na obra de Valentín Paz-Andrade. Faise especial fincapé no papel clave do sector financeiro propio para o desenvolvemento económico do país e no papel do centralismo político-institucional como factores retardatarios e marxinaidores do noso país.

Abstract: The paper analyzes the Valentín Paz-Andrade core economic ideas. The main role of financial sector along the economic development process is emphasized. And also the backwarding role of political and institutional centralism, hampering the development process.

Palabras chave: Galiza, desenvolvemento económico, marxinação económica, marxinação financeira, centralismo.

Key words: Galiza, economic development, economic marginalisation, financial marginalisation, centralism.

Don Valentín Paz-Andrade (1898-1987) é un home de pegada longa, que cruzou tempos como cruzou océanos. Viviu nas luces e nas sombras do nacionalismo galego do atormentado e trágico século XX e viviu desde as exuberantes labaradas daquel capitalismo liberal dos “loucos anos 20”, o seu crack e o seu doloroso e violento estertor e tamén a longa noite do cutre capitalismo orgánico da autarquía franquista.

Pero nin a negra noite política e cultural nin a negra noite da autarquía falanxista esmoreceron a súa iniciativa, a súa permanente inqueda, a súa vocación ao servizo dunha tarefa, a tarefa de Galiza. El foi un militante. Quer no cultural, quer no político, quer no empresarial. Desde o goberno non, porque nunca tivo tal oportunidade e por iso non parou de argallar e impulsar iniciativas desde abaixo. A empezar polo xornal *Galicia* (1922-26), que pon a andar con apenas 24 anos, consciente como era da importancia crucial da información no

mundo moderno e da necesidade de espertar activamente a conciencia do país, participando con decisión na loita diaria de ideas.

Foi xornalista, avogado, economista, empresario, poeta, ensaísta, político. Un animador, un axitador. Un home total, home inqueda, curioso, ao que ningunha faceta da vida, da cultura e do país o deixaron indiferente.

Foi home de proxecto, con visión de país e con proxecto de país. De conxunto, holístico, completo. Un patriota galego, moi pegado ao terreo, centrado sempre no que era posíbel, a “ruda adversidade urxente” pondaliana, porque cría que non había que agardar por nada e por ninguén para dar un paso na dirección do albo permanente: a liberación do país. O seu pragmatismo e posibilismo, sobre todo baixo a bota da ditadura franquista, podía aparentar moderación pero o seu norte era claro.

Foi fillo do seu tempo, dos seus tempos radicalmente interrompidos por grandes sismos históricos pero tamén foi un adiantado ao seu tempo. Cun fio e un alento permanente, que nace dun pensamento sólido, aberto e moderno desde o principio ao fin.

Foi un home de mundo. Foi un patriota pero nunca foi provinciano ou precisamente por ser nacionalista nunca caeu no provincianismo tan común na Galiza do franquismo. A militancia política primeiro e as pescas despois levárono polo mundo adiante. A América da Galiza da diáspora e a América do noso idioma estendido polo “continente” brasileiro foron dous vectores de internacionalización. A porta aberta ao mar sen cancelas foi outra das fírgoas que lle permitiu osixenar as súas neuronas polo mundo adiante e en institucións internacionais tan relevantes e anovadoras na época coma a FAO.

Non me corresponde a min falar nesta breve intervención de todas as facetas da súa intensa, creativa e xenerosa vida de home de pensamento e acción, para o que outros colegas, desde outras disciplinas, con máis e mellores coñecementos ca min neses eidos viñeron debullando nos últimos tempos e neste mesmo Congreso.

Eu, coa vosa licenza, vou facer un breve comentario da súa obra económica e a súa actividade emprendedora, poñendo de manifesto a actualidade que, por desgraza, teñen algúns dos factores claves da nosa marxinação por el analizados. Sobre ese paralelismo veremos tamén a pertinencia da súa aposta política por romper os vectores desa marxinação.

EMPRENDEDOR SCHUMPETERIANO E COMPROMETIDO

Foi un emprendedor, un emprendedor schumpeteriano en sentido propio, porque o que a el o define non é tanto o rol de capitalista ou investidor capitalista como o de innovador, por intuír e artellar novos modos de produción, novas artes, novas técnicas, novos negocios. En realidade, tendo en conta o seu perfil multifacético,

foi algo máis que un emprendedor schumpeteriano, habería que dicir que foi un empresario ilustrado, un empresario intelectual e un emprendedor patriota. Sabedor do proverbial esquecemento dos poderes do estado el ten claro que Galiza “ten que axudarse a si mesma” e para iso define o seu programa de actuación desde abaixo: “non cabe xa seguir confiando na reversión espontánea do desamparo marxinal, que cada día aumenta as disparidades entre os pobos de España. Un a un, os que se manteñen xunguidos ao carro da depresión secular, teñen que reagrupar as súas forzas, axilizar as súas enerxías e tratar de crear órganos propios de expansión e crecemento” (LMG, 134). (E il será certo que a pesar de termos hoxe institucións galegas teñamos que volver ás circunstancias e aos plantexamentos de Valentín?). El non só predicou coa palabra, predicou co exemplo e, por iso, foi alma máter dalgún dos emprendementos máis emblemáticos do país. Da súa man, os buques con nomes que homenaxean a nosa historia, ateigados de mariñeiros galegos, sucaron todos os mares e atracaron en todos os portos do mundo. Da súa man os nosos labregos de terra adentro e todos os galegos descubriron pronto novas fontes de proteínas, novos peixes, conservados polo frío e, polo tanto, novas formas de consumilos.

ECONOMISTA LÚCIDO

A súa obra económica tamén é prolífica, en varios libros e innúmeros artigos. Non podemos facer aquí máis que unha breve evocación dos temas que reclamaron a súa atención, o seu enfoque e a perspectiva coa que aborda eses problemas e tamén as súas propostas, porque Valentín non se acercaba á economía para divagar ou facer elucubracións teóricas senón para fundamentar ben as propostas, para convencer e orientar a acción dos demais. É un home proxectivo, de acción, meditada, documentada e fundamentada pero orientada á acción, a quen o que preocupa é construír o futuro. Por iso xa nas primeiras páxinas de *Galicia como tarefa* fai unha crítica de calquera posicionamento especulativo ou que se refuxie no verniz da saudade “cal se Galicia só puidera ser pensada como substancia histórica e non contemplada desde ángulos activos” (GCT, 16). Con máis clareza aínda dicía: “Non entendo Galicia como algo que nos foi dado irremediabilmente feito, e, en parte, contrafeito. Enténdoa, pola contra, como algo que temos que facer, ou refacer, todos os días” (GCT, 16).

Precisamente a súa concepción da economía é a da economía política, a ferramenta para facer país, para desenvolver as nosas capacidades produtivas e gañar unha posición no mundo. O cerne do seu pensamento poderíamos atopalo na idea de que no mundo contemporáneo, o mundo do capitalismo, ningún país, ningunha cultura ten opcións de pervivir e prevalecer senón é sobre a base dun sólido desenvolvemento económico. O futuro do noso país e o futuro da nosa

lingua e da nosa cultura xóganse na capacidade para alcanzar os niveis de riqueza material nos que se aliceren os valores da autoestima. Habenza material colectiva e habenza espiritual colectiva van inextricabelmente unidas en Valentín. Velaí a fonte nutricia da súa paixón polo desenvolvemento. Velaí a súa conmovedora actualidade.

A súa obra económica foi a máis completa e documentada da época, prolongaba as preocupacións e as achegas que no seu momento elaborara Lois Peña Novo e constituíu a base na que, mesmo sen facerse explícito, se construíría *O Atraso de Beiras*.

Os seus temas recorrentes son:

A poboación, a demografía, a emigración.

A xeoestraxia (portos, comercio, Brasil).

A urbanización e o seu soño dunha grande urbe atlántica.

O agro.

As pescas, a súa predilecta, á que dedicou catro libros e innúmeros artigos.

As finanzas.

A industrialización e o desenvolvemento.

Pero nunca deixou de incorporar explicitamente a cuestión da lingua, como problema e como potencialidade, no corazón da súa obra económica.

Paz-Andrade distinguía ben entre crecemento industrial e desenvolvemento, como facía a teoría do desenvolvemento máis innovadora dos anos 50 e 60, en particular as obras senlleiras de Nurske, Perroux ou Myrdal que el citaba decote. O desenvolvemento fundía as súas raíces no marco institucional, social e tamén cultural. Era moi consciente de que o desenvolvemento como proceso de cambio integral abre tamén un “proceso cultural” e tamén de que a cultura podía e debía ser un vector central dese desenvolvemento.

Esa visión que artellaba o económico e o institucional permitíalle unha lúcida e valente crítica dos Plans de Desenvolvemento desa segunda fase da ditadura ou o corsé institucional centralista do sistema financeiro que aferrolla o noso desenvolvemento industrial. “Na moderna teoría do desenvolvemento económico a apelación ao encadramento institucional é persistente” (LMG, 126).

Paz-Andrade era un home optimista, positivo, que tentaba sempre atopar factores e argumentos para o desenvolvemento. Pero era tamén lúcido e crítico diante das oportunidades desaproveitadas. De feito, algunhas cousas que en *Galicia como tarefa*, en 1959, consideraba como un gran potencial, tal era o caso da “ilimitada dispoñibilidade de enerxía” hidroeléctrica –“Galicia, meridiano da enerxía”–, tamén albiscaba que puideran non frutificar e que as súas esperanzas puideran esvaecerse “neutralizadas na práctica por factores extraeconómicos”. E, de feito, pasada unha década, en *La marginación de Galicia*, non lle queda outra que constatar o escaso aproveitamento da mesma.

A verdade é que en *La marginación de Galicia* encontramos un ton moito máis crítico, á vista do fracaso dunha década de Plans de Desenvolvemento franquistas de pobres resultados e do rezago do noso país en comparanza co vigor do desenvolvemento industrial, o desenvolvemento rexional, existente nesa altura noutras latitudes, na península e no mundo.

A súa obra supón unha avaliación demoledora dos erros de concepción e implementación dos Plans e, sobre todo, das causas de fondo limitantes. O marco institucional é clave e “non debe esquecerse que o marco administrativo vixente até os nosos días pertence a outros tempos, aos tempos da economía do *laissez faire* [...]. Os cambios a perseguir nas estruturas económicas presupoñen a remodelación do marco institucional callado tradicionalmente sobre principios que perderon o seu contido” (LMG, 127).

Denuncia tanto o efecto limitante e distorsionador da estrutura provincial como da subordinación a Madrid, fronte a pertinencia da Galiza como totalidade homoxénea que a convertía na unidade acaída para o planeamento: “A evidencia desta realidade agudiza os perfís da colisión latente. Aquela que dimana do dualismo friccional entre o mosaico fraguado sobre o papel e a unidade xeo-social fraguada pola Natureza e a Historia. A segunda mantense despoxada da liberdade de ser e a posibilidade de poder. O primeiro, limitado pola actividade político-administrativa ou con poder mediatizado pola subordinación a Madrid, como eixo da centralización” (LMG, 127). El é optimista, quere ser optimista: “debemos confiar que o centralismo teña os días contados... non só pola súa inadaptación aos principios vixentes na evolución do mundo; tamén pola súa probada insuficiencia funcional para gobernar a nova sociedade, cada día máis imantada cara a difusión do poder político e o pluralismo institucional” (LMG, 12). Quere que iso chegue como sexa, sen violencia, “non se trata de axustar contas nin de discriminar culpas; o que importa é que a perspectiva se emende” (LMG, 11). Quería confiar en que o centralismo se abatese con argumentos, “co principio de lexitimidade económica” e coa razón dos feitos incontrovertíbeis. A ese nobre obxectivo dedica os seus esforzos e a súa obra, guiado polo fin último do seu programa implícito que non é outro que recuperar para Galiza “a liberdade de ser e a posibilidade de poder”.

A visión integral e integradora do desenvolvemento levouno tamén a reclamar a necesidade de acompañar a industrialización co desenvolvemento agrario, para evitar que se consolidase o “dualismo”, se esfarelase e “desintegrase” o agro pola vía do abandono e tamén porque sen o aumento da súa renda limitaríase o crecemento do mercado para a industria e mesmo pode desbocarse unha inflación que frustre o seu desenvolvemento (LMG, 132).

O NÓ GORDIANO DA CENTRALIZACIÓN FINANCEIRA E POLÍTICA: “A MARXINACIÓN DO CAPITAL” E “O EIXE DA MARXINACIÓN”

Paz-Andrade tiña unha visión histórica e holística dos factores que impidiran o noso desenvolvemento, a combinación dos factores internos e externos, os problemas estruturais da nosa configuración demográfica, social e sectorial pero tamén os políticos e culturais, onde outorga un papel clave ao idioma, como baza desaproveitada. Pero hai dous que sobrancean sobre todos os demais na explicación da nosa marxinação: o problema financeiro e o centralismo madrileño.

Efectivamente, eses eran os dous principais freos ao noso desenvolvemento e eses mesmos seguen a selo, *mutatis mutandis*, na actualidade. Tratarei, pois, de dar conta da visión de Paz-Andrade deses dous temas no seu momento e tamén da enorme actualidade de ambos os dous.

Con gran lucidez, Valentín Paz-Andrade definiu como “nó gordiano” do noso desenvolvemento o problema financeiro, o investimento e o aforro. A isto dedica cando menos cinco capítulos da *La marginación de Galicia* (1970), agrupados baixo o rótulo de “a marxinação do capital”, e o opúsculo *El capital como factor de desarrollo de Galicia* (1971). Paz-Andrade arranca coa revisión da literatura económica que enfatiza o papel do aforro na formación de capital e no investimento (Keynes, Nurske...) e establece con clareza que o noso problema non está do lado dos recursos e dos factores humanos, porque “Galicia atopará vantaxes do lado dos seus factores inmanentes”; o problema está en que Galiza foi “quedando á marxe, ou participando escasamente nos grandes despregues financeiros que comandan os núcleos favorecidos pola polarización do poder económico, o oligopolio da enerxía e a transmigración do aforro”. Despois de analizar con profusión a información estatística detallada de bancos e caixas de aforros conclúe con total clareza e contundencia deste xeito: “o fenómeno da marxinação do capital de Galicia é principalmente consecutivo á inadaptación do marco institucional do aforro, sexa bancario ou extrabancario, ás necesidades e aspiracións do país. No canto de impulsar o desenvolvemento do complexo socioeconómico de modo integral, o que fai é favorecer a expulsión dos recursos financeiros que deberan alimentar preferentemente aquel proceso. O mecanismo funciona con plena eficacia aspirante, pero exigua acción impelente, cara a prosperidade do territorio” (LMG, 149). Máis adiante insiste, “Cando unha rexión comeza por non vincular ao seu destino económico o uso autónomo do seu aforro, non fai outra cousa que expulsar o factor capital do seu sistema produtivo. Ao mesmo tempo queda indefensa para participar con armas propias na estratexia de desenvolvemento” (LMG, 152). Denuncia a drenaxe realizada pola banca privada oligopólica (“oligogrupos radicados en zonas favorecidas pola drenaxe do aforro, o proteccionismo arancelario, o porfillamento oficial...” (LMG, 146) e, así mes-

mo, o uso do sector público para reforzar ese transvase: o crédito público, os coeficientes de investimento obrigatorio impostos ás caixas de aforros, convertidas, como el afirma, en “nodrizas dun INI” que apenas inviste en Galicia.

Paz-Andrade concibiu e promoveu no seu momento, naqueles anos 60, a creación dun Banco de Investimento, aproveitando a reforma de 1962 que permitía a creación de Bancos Industriais (que se crearían practicamente todos ligados a bancos comerciais xa existentes e case todos nas áreas ‘de alta prosperidade’, en particular Madrid e Barcelona). Paz-Andrade concibía ese Banco industrial de fomento como unha iniciativa endóxena, promovida pola iniciativa privada porque a banca pública, o crédito público, na medida en que estaba gobernado desde Madrid e supeditado á estratexia centralista do réxime, non era unha solución para as necesidades do desenvolvemento do noso país. Tentaba aproveitar as fendas e as posibilidades que había na regulación bancaria franquista e no marco das iniciativas para o desenvolvemento rexional impulsado co asesoramento dos organismos internacionais, para crear un banco con vocación de apoiar o desenvolvemento industrial de Galiza e radicado especificamente en Vigo, área na que vía centrado o maior potencial industrial.

Aquela iniciativa foi obstaculizada finalmente polo réxime franquista, desde Madrid e coa convivencia dos seus servidores aquí.

Hoxe estamos situados nun deses momentos cruciais que se dan de vez en cando na historia. Estamos a piques de perder unha entidade financeira galega que xestiona uns 75.000 millóns de activos e preto da metade do aforro dos galegos. Canto mudaron os tempos!, pero que pouco os mecanismos profundos do noso “nó gordiano”, a marxinação do capital. Que outra cousa pode provocar en nós o que hoxe está a acontecer co noso sistema financeiro? Ese proceso de espolio do aforro dos galegos, de dismantelamento e entrega das nosas caixas de aforros que xestionan preto da metade do noso aforro, ou a recente absorción do Banco Pastor polo Banco Popular, son un golpe letal contra todo o que se puido avanzar con moito esforzo desde aquel entón. Espolio que ten o efecto engadido e deliberadamente buscado de deixar sen substancia e efecto unha das principais competencias do Estatuto de Autonomía, a competencia sobre as entidades de crédito e caixas de aforros.

A sociedade galega está preocupada polo que pasa, mesmo indignada como vítimas de prácticas fraudulentas e depredadoras como as “preferentes”, pero non a vexo totalmente consciente da envergadura e alcance do que está a piques de consumarse.

A situación é máis dramática que nos tempos de Valentín Paz-Andrade. El daquela pelexaba por crear un Banco de Investimento para Galiza. Nós, agora, estamos a piques de perder o que queda das dúas grandes caixas de aforros. Daquela non había institucións galegas propias e hoxe si, pero todo parece como se

tal cousa non tivera mudado. Para que valen as institucións autonómicas se non serven para preservar a nosa capacidade financeira, un mínimo control sobre o noso aforro e a súa utilización para o desenvolvemento do país?

Aínda estamos a tempo de evitar un desenlace que de producirse será irreversible e deixará por lustros un baleiro enorme no país. Os galegos corremos o dramático risco de quedar sen ferramentas propias para o crédito e o investimento por moitos anos e os aforradores quedaremos presos dunhas entidades foráneas que estarán en mellores condicións que nunca para impoñernos un trato leonino e depredador. Máis aínda, os aforradores non terán liberdade para poder decidir facer o depósito do seu diñeiro en entidades do país e son obrigados a facerse cómplices de entidades cuxas sucursais son esencialmente terminais dunha gran aspiradora cuxo saco está en Madrid para acabar engordando o circuíto da especulación global.

Como cidadáns non podemos asistir impasibéis diante dunha Xunta de Galicia que parece rendida diante das forzas e impulsos que chegan de Madrid e do olimpo das finanzas españolas, fiando todo, no mellor dos casos, a que se produza unha combinación de estrelas milagreira. Ben sabe deus, como sabía Paz-Andrade, que en economía non hai milagres e en finanzas tampouco. Hai que actuar e facelo con enerxía e afouteza.

Poderíamos pensar que, como en tempos de Paz-Andrade, hai que facer todo desde abaixo, sumando un a un, para poder levantar ferramentas ao servizo do país. Pero sería descorazonador chegar á conclusión de que iso que agora temos, as institucións galegas creadas hai tres décadas, non sexan quen de facelo por todos nós. Contando co apoio de todos porque están, teñen que estar, ao servizo de todos nós.

É hora de solucións, é hora de gobernar. É tarde pero aínda é posíbel. Facerse cargo de todo o que queda cunha Banca Pública ao servizo de todos sería un paso que xustificaría unha pobre lexislatura. Perdelo todo xustificaría unha grande indignación e unha decepción definitiva en relación ás institucións impotentes e, desde logo, aos que as esterilizan.

DE NOVO A VOLTAS CO CENTRALISMO E CON MADRID, “CÚPULA DO SISTEMA” E “SUMIDOIRO DE TODAS AS ENERXÍAS”

O problema está hoxe no mesmo sitio onde estaba cando escribía Paz-Andrade, niso que el cualificou con termos moi explícitos nos últimos capítulos de LMG, na “cúpula do sistema”, no “rompeolas das españas”, é dicir, no centralismo e máis nidiamente no seu centro: Madrid, “capricho do taciturno” e sumidoiro de todas as enerxías do sector público. “A inclinación da vontade política, tan xenerosa con Madrid, mostrouse avara e renuente con Galicia. E as secuelas retardadas de tanta postergación forman o ‘montón de fracasos’ de que Weber nos fala” (LMG,

318). E a partir de aí fai un repaso das raíces históricas da nosa marxinação, que fai arrancar do século XV coas guerras irmandiñas e a posterior “doma de Galicia” por parte da Coroa Castelá, a “perda da elite” dirixente, a ausencia e “frustración da clase burguesa adineirada” e a autoestima secularmente ferida; causas de fondo que poñen en perspectiva os factores de marxinação actuais analizados na súa obra. Foron eses argumentos os que serían retomados poucos anos despois por X. M. Beiras no seu maxistral capítulo 1 do *Atraso*.

Corenta anos despois daquela obra de Paz-Andrade e tres décadas despois de crear as institucións autonómicas creadas polo outorgamento do Estatuto de Autonomía, volvemos de novo a un centralismo abafante e radical, deseñado á medida das necesidades dun Madrid convertido no gran burato negro das enerxías do estado español.

“Madrid se sale”. Este era o titular dun suplemento do diario *ABC* que hai uns anos dedicaba ao despegue fulgurante de Madrid como capital, potencia demográfica, económica, financeira, tecnolóxica, loxística e cultural. Poderíamos atopar outros moitos de idéntico teor; informes e libros a centos.

O que non indagaba aquel apoloxético documento é de onde procedían os recursos que alimentaban aquel fulgor. Non explicaba como fixeron para conseguir ao longo de décadas unha completa centralización e concentración das sedes das grandes corporacións financeiras, industriais, eléctricas, construtoras, inmobiliarias, transportistas, distribuidoras, consultoras, etc. na capital do estado; proceso este que foi pilotado polos sucesivos gobernos centrais e que permitía concentrar na capital unha altísima proporción do excedente económico (beneficios) xerado na actividade económica, produtiva e comercial, realizada ao longo e ancho da península (e tamén fóra dela). Tampouco explicaba que unha gran parte dese boom se financiaba con inxente investimento público estatal –polo tanto financiado cos impostos de todos os non madrileños– ou tamén co uso impropio dos fondos de cohesión europeos para realizar as grandes infraestruturas internas da Comunidade de Madrid e, sobre todo, as grandes infraestruturas radiais (AVE, Autovías, T4-hub do tráfico aéreo, etc.) que convertían Madrid na cabeza hipertrofiada dunha economía peninsular espacialmente xerarquizada.

Máis aínda, tampouco explicaba –e seguen sen explicarnos hoxe en día– como unha gran parte dese desenvolvemento centrípeto se financiaba en base a *débeda* contraída a mancheas por todas esas entidades privadas e públicas. Débedas que co paso do tempo se fixeron enormes e que acaban configurando o verdadeiro burato negro das finanzas españolas, que pexan hoxe como unha lousa as contas públicas, a enorme débeda privada, tanto das finanzas como das grandes empresas. Deste xeito os cidadáns de fóra de Madrid non só viñeron sendo vítimas dunha drenaxe continuo de recursos –por canles públicas e privadas– senón que

se verán obrigados a contribuír nos vindeiros anos (cando menos unha década longa) para poder facer fronte aos préstamos solicitados para rescatar a todos eses sectores oligopolistas asentados na capital (Bankia, a outra banca tamén madrileña, os sectores oligopólicos citados: grandes promotoras e construtoras, eléctricas, industria militar, AENA, etc.).

Pola contra, a campaña lanzada pola dereita neocentralista pretende situar as culpas do actual desastre económico español nas comunidades autónomas. É un debate truculento que pretende cubrir dous obxectivos: por un lado, desprazar a responsabilidade da crise desde o sistema financeiro e o modelo neoliberal de economía especulativa cara ao sector público e, por outro lado, desprazar as responsabilidades dos desaxustes nas contas públicas desde o goberno central cara ás comunidades autónomas, aproveitando para demonizalas e con esa desculpa lanzar unha batería de medidas de recentralización radical das competencias, tanto das económicas coma do resto.

Cómpre erguer todas as defensas contra ese neocentralismo madrileñista e provinciano e o primeiro paso ten que ser un esclarecemento dos datos e dos feitos máis relevantes. Vainos a vida niso, tanto a social e cultural como a económica. Estamos obrigados a poñer os datos á luz do día para situar os problemas no seu xusto lugar, que é, sen dúbida, Madrid: porque aí está o centro do capital financeiro español e dos grandes oligopolios enerxéticos e inmobiliarios responsables da desfeita económica, aí están tamén residenciados os problemas gordos das contas públicas españolas, as do goberno central e as da Comunidade e o Concello de Madrid.

O agresivo discurso centralista ten unha importante misión político-ideolóxica que é dar satisfacción á vella caverna do centralismo provinciano español pero, sobre todo, ten outra misión máis prosaica que é a de dar cobertura ideolóxica a un espolio masivo de recursos do conxunto do estado que os poderes económicos asentados na capital precisan levar a cabo ao longo da vindeira década para cadrar as contas, encher o enorme burato creado nos últimos tempos e cebar a bomba da acumulación de capital e riqueza deses sectores oligárquicos. A recentralización política é o medio para unha enorme drenaxe de recursos en beneficio das grandes corporacións financeiras, industriais e de servizos asentadas na capital. Trátase de poñer ao seu dispor os orzamentos públicos pero tamén un máis fácil acceso e control de todo o mercado español, eliminar barreiras para un proceso de concentración do capital por absorción de empresas periféricas ou destrución da súa competencia.

Se entendemos iso, entenderemos mellor por que os cataláns deciden irse de vez e entenderemos mellor a traizón que para Galiza supón o submisivo colaboracionismo de Núñez Feijóo e da actual cúpula do PP en Galiza que ocupa as nosas institucións autonómicas.

As conclusións a tirar de todo o que está pasando son moi claras. Vista a decisión coa que Madrid radicaliza o proceso de recentralización non queda máis remedio que romper definitivamente a dependencia de España, de Madrid. Ese é o diagnóstico que ten chamado xa en Cataluña e por iso teñen lanzado o proceso cara ao referendo polo dereito a decidir. O reto supón sacrificios pero non cabe outra opción para os que non aceptamos sucumbir á laminación intereseira do neocentralismo provinciano. O fondo do que ocorre está maxistralmente sintetizado nestas verbas recentes de Jordi Pujol, o alter ego catalán de Valentín Paz-Andrade: “No nos queda outro camino. La viabilidad de la independencia de Cataluña es muy difícil. Pero hay una cosa más difícil que esta: que es la viabilidad de Cataluña como país, cultura, lengua, como sociedad cohesionada en las condiciones que nos ponen en España” (J. Pujol, *El País*, 16-XII-2012).

Como ben sabemos, a opción que nos propón Valentín é escapar por mar. “Inverter o destino atlántico”, romper con esa “especie de narcisismo do embigo” que impón a “hexemonía todopoderosa” de Madrid e construír o noso futuro libre como potencia marítima, “rente ao mar” que diría Celso Emilio, mirando cara a Brasil, cuxo rol de potencia emerxente Valentín anticipou con lucidez con varias décadas de adianto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Paz-Andrade, Valentín (1954): *Producción y fluctuación de las pesquerías*. Madrid: Unesa.
- (1958): *Sistema económico de la pesca en Galicia*. Buenos Aires: Citania.
- (1959): *Galicia como tarea*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.
- (1970): *La marginación de Galicia*. Madrid: Siglo XXI Editores.
- (1970): *El capital como factor de desarrollo de Galicia*. La Coruña: Banco del Noroeste.